



Na última década incorporáronse a na nosa vida cotiá unha serie de dispositivos que incrementan de forma notable a taxa de exposición de seres humanos a REM (Radiacións Electro Magnéticas) entre os que destacan as Antenas de **Telefonía Móbil, os Teléfonos Móviles e os dispositivos WIFI.**

Tras a revisión de numerosos estudos no ano 2007 aparece o informe BIOINITIATIVE¹ no que expertos independentes de varias institucións do mundo, incluída a Axencia Europea de Medio Ambiente, conclúen que “os niveis de seguridade standard de REM establecidos polas normativas vixentes en practicamente todo o mundo están **varios milleiros de veces por riba do que se podería considerar adecuado para a saúde humana** (páx 4¹ do resumo inicial do informe BIOINITIATIVE). Sinala tamén que as tecnoloxías asociadas **ás WI-FI deberían ser substituídas por alternativas de cableado, en especial en escolas e bibliotecas** (tal e como fixo a Biblioteca Nacional de París), debido á maior sensibilidade dos nenos e nenas ás REM (páx 24¹ do resumo inicial do informe BIOINITIATIVE). Sinala tamén un aumento de tumores cerebrais por emprego de móbiles durante máis de 10 anos, sobre todo dos gliomas de maior gravidade, e dun incremento de leucemias en nenos e nenas con exposición a antenas de telefonía móbil (páx 8¹ do resumo inicial do informe BIOINITIATIVE).

No mesmo senso, unha recente **declaración por parte da IARC** (Axencia internacional para a investigación contra o cancro), unha axencia **da Organización Mundial para a Saúde (OMS)**, indicaba que os campos electromagnéticos son posibles carcinóxenos para os humanos, baseándose en estudos previos que indican que se incrementa un 40% o risco de padecer glioma na categoría de usuarios que empregan o móbil unha media de 30 minutos ao día durante un período de 10 anos (ANEXO 1, pax. 2).

Paralelamente, en maio do 2011, a **Asemblea Parlamentaria do Consello de Europa en relación co uso de móbiles e WI-FI** recomenda **reducir os niveis de exposición a menos de 0,2 voltios por metro (ANEXO 2, páx 2, parágrafo 8.2.1)**, introducir indicacións claras no etiquetado sobre a presenza de REM e os riscos para a saúde asociados ao seu uso **(ANEXO 2, páx 3, parágrafo 8.2.3)**,. Recomenda tamén incrementar a conciencia dos riscos para a saúde de dispositivos que emiten ondas a pulsos continuos como a WI-FI ou os teléfonos inalámbricos **((ANEXO 2, páx 3, parágrafo 8.2.4))**,. Pide ademais que se desenvolvan por parte das administracións competentes nas materias de educación, medio ambiente e saúde campañas de

¹ O informe bioinitiative pode consultarse na seguinte páxina web:
<http://www.bioinitiative.org/freeaccess/report/index.htm>



información a profesores, pais e nenos sobre os riscos específicos do uso prolongado de móbiles e outros sistemas de emisión de microondas (ANEXO 2, páx 3, parágrafo 8.3.1). Finalmente indica a necesidade de substituír a WIFI por conexión por cable nas Escolas e regular de forma estrita o emprego de móbiles nas escolas, debido á maior sensibilidade dos nenos e nenas ás REM (ANEXO 3, páx 2, parágrafo 8.3.2).

As recomendacións da IARC, Asemblea Parlamentaria do Consello de Europa e dos científicos do informe BIOINITIATIVE baséanse en estudos nos que se atopa unha **relación clara entre a exposición ás REM e a aparición de diferentes tipos de enfermidades** como o cancro, dentro das de maior gravidade, pero tamén de tipo circulatorio, dores de cabeza, insomnio, etc.

En resumo, faise imprescindible que as **administracións públicas implanten mecanismos de protección** da poboación seguindo as recomendacións do Parlamento Europeo, facendo especial fincapé na saúde dos nenos e nenas, que son os de maior risco porque están en pleno desenvolvemento fisiolóxico e porque son os que se verán expostos a estas REM durante un maior período de tempo.

O emprego de conexión por cable en lugar de tecnoloxías WI-FI **non implica que os nenos e nenas non poidan aprender e entender as novas tecnoloxías**, pola contra, permite que as xeracións máis novas tomen conciencia do uso responsable das mesmas e que as administracións e outros axentes responsables do seu benestar e protección actúen coas máximas precaucións, minimizando riscos de aparición de cancros e alteracións fisiolóxicas na poboación infantil e atendendo ás recomendacións explícitas de organismos internacionais e europeos, como é a OMS e o Parlamento de Europa.

Por outra banda o pasado 5 de Outubro publicouse no BOE (ANEXO 3) a lei da saúde que sinala especificamente que se vixiará o impacto na saúde da exposición a **emisións electromagnéticas**. Tamén di que as accións de protección da saúde rexiranse polos principios de **proporcionalidade e precaución**, principio explicado así: **“La existencia de indicios fundados de una posible afectación grave de la salud de la población, aún cuando hubiera incertidumbre científica sobre el carácter del riesgo, determinará la cesación, prohibición o limitación de la actividad sobre la que concurren”**. Posto que xa existen eses indicios fundados -mencionados nos primeiros puntos-, **debería cesar ou prohibirse o uso dos dispositivos que emiten radiofrecuencias nos centros escolares**. Noutros países europeos actuouse fai meses



e, seguindo ese principio de precaución, prohibiuse o Wi-Fi e os teléfonos móbiles nas escolas.

SOLICITAMOS:

- Que se REEMPLACE o sistema WI-FI xa instalados nos centros educativos polo sistema de conexión por cable.
- Que NON se instalen novas redes WI-FI nas escolas.
- Que se PROHIBA o emprego de teléfonos móbiles nas aulas, de xeito que estean apagados.
- Que as Administracións competentes revisen a posición das antenas de telefonía móbil e o número das que se atopen próximas a centros considerados pola lexislación vixente como zonas sensibles, nas que se inclúen as escolas.
- Que as Administracións competentes establezan unha adecuada rede de monitorización de niveis de REM e tomen medidas concretas para diminuír a exposición ás REM nos colexios polo menos por debaixo ao límite recomendado, é dicir, 0.2 voltios por metro.

Lugo, xaneiro de 2012

Asinado



SR. CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA